PRESIDENTE
DE LA
REAL ACADEMIA GALLEGA
LA CORUÑA

A Cruña, 28 de abril do 1970

Sr. D. Luis Lobió Fernández

Madrid

Meu distinto e admirado amigo:

Teño composto un libro encol de "El mundo de la fauna en la poesía gallega", tema do que me valín pra unha conferencia que o ano 1961 din na Universidade de Montevideo e á que vostede me fixo a honra de asistir. Recordo que ó remate dela oín de vostede a opinión de que o asunto parecíalle importante e axeitadamente enfocado. Pois ben, ise parecer seu e a consideración de que o devandito traballo non é senón o desenrolo daquela conferencia, móvenme a pedir-lle me faga o favor de prologalo. A obra abranguería con elo interés e autoridade, i eu quedaríalle moi obrigado.

Si vostede acepta o meu pedido — decisión que, naturalmente,

pode tomar con absoluta libertade — faríalle chegar os orixinales do libro e dos índices.

Sei que cesta encomenda atento contra o seu valioso tempo, mais as razós denantes apuntadas faránlle ver que non se trata dun desexo infundado.

Cordialmente saúdao e reitéraselle seu afecto amigo e devoto ademirador

Sebastian Martínez Risco

S/C Linares Rivas, 6 y 7 = 10º -